


Centros de acción que dirixen a circulación sobre a Península:

Son centros de acción permanentes: están case sempre presentes nas mesmas rexións do planeta debido á configuración climática xeral.



- **ANTICICLÓN DAS AZORES.** Forma parte do cinto subtropical de altas presións. No verán sitúase sobre a Península, mentres que no inverno se despraza máis ao sur. Produce un tempo seco e asollado, xa que actúa como un obstáculo insalvable para as perturbacións atlánticas, ás que obriga a desviar a súa traxectoria cara a latitudes máis altas ca as ibéricas. Este anticiclón, na súa prolongación occidental, dá lugar ao anticiclón sahariano, unha masa tropical continental moi cálida e seca que, no verán, provoca as abrasadoras ondas de calor; debido á súa acción chegan nubes cargadas de po que xeran as chamadas "*choivas vermellas*" (po de arxila vermella disolto en vapor de auga).

- **ANTICICLÓN ESCANDINAVO.** Masa de aire de orixe polar que afecta á Península en determinados momentos do inverno, producindo temperaturas moi baixas.


- **ANTICICLÓNS POLARES ATLÁNTICOS.** Son masas de aire que se orixinan nas zonas polares e, cando chegan á Península, sofren unha serie de modificacións debido ao seu descenso de latitude. A súa maior actividade ten lugar no inverno e comezos da primavera, provocando ceos despexados e temperaturas bastante baixas. Poden chegar a bloquear a circulación xeral do oeste, impedindo o paso das borrascas atlánticas.

Son centros de acción permanentes: están case sempre presentes nas mesmas rexións do planeta debido á configuración climática xeral.

- **ANTICICLÓN DE EUROPA CENTRAL.** Anticiclón térmico cuxo orixe está no arrefriamento superficial do centro e leste de Europa. Só se presenta no inverno. Pode afectar ao sector noroccidental da Península provocando un descenso das temperaturas, fortes xeadas e ondas de frío.

- **ANTICICLÓN MESETEÑO.** Só se forma no inverno (xaneiro-febreiro), debido ao carácter de continentalidade que presenta a Meseta. É o responsable de días asollados, moi fríos e secos.

Son estacionais e temporais



Mapa de posición dos centros de acción (anticiclóns e depresións)

- **DEPRESIÓN DE ISLANDIA.** Situada no Atlántico Norte. No inverno desprázase cara ao sur (suavizada pola influencia da corrente do Golfo). Canaliza cara á Península masas de aire frío marítimo e provoca precipitacións, sobre todo na cornixa Cantábrica.

É un centro de acción bastante permanente aínda que desprázase no inverno carao sur.

- **DEPRESIÓN DO GOLFO DE XÉNOVA.** Fórmase debido á elevada temperatura da auga do mar Mediterráneo. Xera precipitacións e aparece na primavera e no inverno, especialmente no outono. A súa influencia nótase sobre todo en Cataluña, Balears e no norte da Comunidade Valenciana. Pode coincidir en altura coa gota fría e, nese caso, provoca fortes precipitacións.

- **DEPRESIÓN DO NORTE DE ÁFRICA.** Ocasiona treboadas con grande aparato eléctrico e pouca precipitación. É orixinaria do Sahara e afecta principalmente a Andalucía.

- **DEPRESIÓN DO INTERIOR PENINSULAR.** Fórmase polo quecemento do chan durante o verán e pode dar lugar a treboadas.

Son estacionais e temporais